

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 26 de xuño de 2020 e extraordinarias do día 28 de xullo e 24 de novembro de 2020.
2. Designar á Prof. Dra. Marta Fernández Prieto como representante da Facultade na comisión avaladora dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus da Auga.
3. Aprobar os procedementos DO-0301 (Información Pública e Rendemento de Contas) e MC-05 (Medición da satisfacción dos grupos de interese).
4. Aprobar os informes finais de avaliación do PAT do curso 2019-2020 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía.
5. Aprobar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2019-2020.
6. Informar favorablemente as solicitudes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios presentadas polo profesorado.
7. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) Os informes sobre avaliación da actividade docente para o recoñecemento de quinquenios que presente o persoal docente e investigador con carácter permanente.
 - b) A avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2021.
 - c) A aprobación do Informe de Revisión do Sistema pola dirección correspondente ao curso académico 2019-2020.
 - d) O reparto das contías asignadas ás áreas xurídicas na partida orzamentaria de mobiliario e equipamento.
 - e) A aprobación da memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2020.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 18 de decembro de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web do centro o día 21 de decembro de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es